CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán
Tfno: 886 110 738 Mosteiro, s/n 36740 - Tomiño
Fax: 886 110 739 Email: cep.pedro.caselles@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceppedrocaselles

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20 – TERCEIRO TRIMESTRE

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA- MÚSICA
CURSO: SEXTO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer, explorar e identificar a través da escoita as posibilidades sonoras e expresivas dos instrumentos e as súas agrupacións.	Coñece, describe e clasifica instrumentos polo elemento vibrante(cordófonos, aerófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos)
	Explica a composición dunha orquestra e a colocación dos instrumentos na mesma.
	Distingue tipos de agrupacións instrumentais e explica a súa formación.
Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, mediante a voz ou a frauta utilizando a linguaxe musical asumindo a responsabilidade na súa interpretación.	Identifica os elementos da linguaxe musical convencional: notas, figuras , estructuras rítmicas, compases , dinámica .
	Interpreta coa frauta pezas musicais coas notas traballadas (de do a re')
	Coñece e interpreta cancións valorando a súa aportación ao enriquecemento persoal, social e cultural
	Analiza as interpretacións feitas, recoñece os erros e amosa interese por traballar para corrixilos
Explorar a morfoloxía de diferentes instrumentos musicais e as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, utilizando a información obtida para a creación de instrumentos.	Busca información e elabora un instrumento musical con materiais de reciclaxe e o emprega para interpretar ou acompañar.
Empregar e valorar as posibilidades expresivas do propio corpo para realizar as distintas actividades de movemento e as danzas aprendidas.	Controla a postura, a coordinación corporal e musical cando realiza actividades de movemento, coreografías e danzas .
Realizar coreografías ou bailes disfrutando coa súa interpretación.	Reproduce e goza interpretando coreografías , danzas tradicionais (muiñeira) e entende a importancia da súa continuidade.
Coñecer e facer uso das TIC para buscar, seleccionar e organizar información sobre instrumentos, realizar actividades musicais, e envío de tarefas.	Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información sobre instrumentos e as distintas agrupacións instrumentais, compositores,...
	Utiliza recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
Amosar dispoñibilidade para a participación activa en diferentes contextos sendo constante no traballo e superando as dificultades.	Participa activamente nas actividades propostas
	Asume as responsabilidades encomendadas e da conta delas

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - A observación dos envíos documentais: imaxes e videos da actividade e das tarefas edixgal - As informacións nas comunicacións grupais con videoconferencia ou audio - A información recibida por parte do titor ou outro profesor con relación aos estándares de música.
	Instrumentos: • Canle de correo electrónico • Plataforma CISCO WEBEX • Plataforma Edixgal • Outros medios de comunicación posibles con cada alumno ou alumna
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A nota final será a da 2ª avaliación que se incrementará nun punto coa achega de máis dun 50% da proba gráfica da realización das actividades propostas e das tarefas realizadas en edixgal.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non procede
	Criterios de cualificación: Non procede
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase desta adaptación de programación ao alumnado e ás familias da publicidade do documento na web do centro, a través das canles de comunicación cotiás: mensaxería Abalar Móbil, whatsapp e videoconferencias. En casos puntuais a través de chamadas telefónicas.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Proposta regular de actividades musicais postas no **blog**: interpretación (cancións, ritmos, xogos de percusión corporal, acompañamentos con obxectos cotiás, danza, ...), creación (coreografías, instrumentos con material de reciclaxe,letras,...), audición (cancións, discriminación auditiva , ...) ,actividades interactivas como reforzo das aprendizaxes adquiridas, xogos (sopas de letras, memoris,...) A través da plataforma **edixgal** , todos os venres, actividades de repaso e ampliación (información documental, enlaces, test, fichas ,partituras para frauta, ...)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	**Alumnado con conectividade** (portátil e conexión, tablet ou smarphone): as propostas poden velas no blog, e as imaxes remítenas a través de correo electrónico ou puntualmente a través de whatsapp. Quincenalmente realizamos videoconferencia coa clase, para repasar actividades, valorar as súas experiencias, e motivalos na situación actual. **Alumnado sen conectividade**: para o grupo cada día máis reducido de alumnos que teñen como única fonte de comunicación o teléfono con voz, establécese unha comunicación semanal co mesmo, para transmitirlle as propostas, neste caso prestando atención aos aspectos máis emocionais.
Materiais e recursos	- Ordenador, tablet ou smartphone - Distintos recursos on line - Sistemas de comunicación electrónica: correo electrónico, mensaxería instantánea, videoconferencia. Para as súas actividades: todo o material do que dispoñan na casa para a realización das actividades propostas.